

De orde do Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día **3 de abril de 2008**, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, ás **9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda**, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2008.
3. Contratos e convenios.
4. Aprobación, se proceder, modificacións orzamentarias
5. Aprobación, se proceder, de modificación do Regulamento de xestión da mobilidade de estudantes
6. Prazas de profesorado.
7. Concesión, se proceder, de licenza por un ano, conforme ao artigo 86 dos Estatutos da Universidade da Coruña.
8. *Venia docendi*
9. Aprobación, se proceder, normativa de permisos e licenzas.
10. Reducións no Plano de Organización Docente (POD) por cargos de xestión.
11. Modificación, se proceder, normativa reguladora das medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios.
12. Proposta de limitación de prazas para titulacións de primeiro e segundo ciclo e graos para o curso académico 2008/2009.
13. Calendarios académicos 2008/2009.
14. Aprobación, se proceder, das directrices de grao.
15. Comisión de coordinación das materias básicas das ramas de coñecemento.
16. Quenda aberta de intervencións.

A documentación relativa ao punto 2 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos Centros, na Secretaría Xeral da Universidade da Coruña e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. A documentación pertencente aos puntos 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10,11, 12, 13, 14 e 15 achégase con esta convocatoria.

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión.

A Coruña, 28 de marzo de 2008
O secretario xeral

Asdo. Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO